

Í
L

Susan Abulhawa

O azul entre o ceo e a auga

Tradución de Rocío Viéitez Ferro

candemaia

Isabel Rodríguez Mate

Susan Abulhawa (1970), naceu nun campo de refuxiados de Kuwait e mudouse de nena aos Estados Unidos, onde estudou Ciencias Biomédicas. Periodista, activista, fundadora da ONG Playgrounds for Palestine, que constrúe zonas de xogo nos campos de refuxiados palestinos.

A súa primeira novela, *Mornings in Jenin* (2003), foi traducida a máis de 30 idiomas, *O azul entre o ceo e o mar* (2015) foi traducido a máis de 20 idiomas e coa terceira novela, *Against the loveless world* (2019), acadou premios tales coma os *Arab American Book Award for Fiction* (2021), *Reading Women Award Nominee for Fiction* (2020), *Aspen Words Literary Prize Nominee for Shortlist* (2021).

Tamén escribe ensaio, artigos para periódicos estadounidenses e converteuse nunha das voces literarias femininas máis importantes da literatura palestina.

ÍNDICE

Limiar	13
Introdución	17
Khaled	19

I

Un	25
Dous	28
Tres	31
Catro	33
Cinco	36
Seis	38
Sete	42
Oito	45
Nove	49
Dez	52
Once	56
Doce	61

II

Trece	71
Catorce	76
Quince	82
Dezaseis	85
Dezasete	90
Dezaoito	93

III

Dezanove	103
Vinte	109
Vinte e un.....	112
Vinte e dous	120
Vinte e tres	125
Vinte e catro.....	130
Vinte e cinco	132
Vinte e seis	142
Vinte e sete.....	145

IV

Vinte e oito.....	155
Vinte e nove	160
Trinta	166
Trinta e un.....	173
Trinta e dous	176
Trinta e tres	179
Trinta e catro.....	183
Trinta e cinco	186
Trinta e seis	188
Trinta e sete.....	192
Trinta e oito.....	197
Trinta e nove	202
Corenta	208
Khaled	212
Corenta e un.....	215
Khaled	220

V

Corenta e dous	225
Corenta e tres	228

Corenta e catro	235
Khaled	242
Corenta e cinco	245
Corenta e seis	247
Corenta e sete.....	252
Khaled	260
Corenta e oito.....	262

VI

Corenta e nove	271
Khaled	274
Cincuenta.....	277
Khaled	281
Cincuenta e un	284
Cincuenta e dous	287
Khaled	293
Cincuenta e tres.....	297
Cincuenta e catro	300
Cincuenta e cinco	304
Cincuenta e seis.....	307
Cincuenta e sete	311
Khaled	314
Cincuenta e oito	317
Cincuenta e nove	320
Sesenta.....	324
Sesenta e un	327
Sesenta e dous.....	330
Sesenta e tres.....	335
Sesenta e catro	340
Sesenta e cinco	342
Sesenta e seis.....	346

Sesenta e sete	351
Sesenta e oito	354

VII

Sesenta e nove	361
Setenta	366
Setenta e un.....	369
Khaled	374

Epílogo	375
----------------------	------------

Recoñcementos	377
----------------------------	------------

Fontes das epígrafes.....	379
----------------------------------	------------

Limiar

Susan Abulhawa e Rocío Viéitez Ferro serpean os camiños que cobreguean os outeiros que zigzaguean entre os vales e os desertos das augas e areas de Palestina. Ambas, autora e tradutora, fotografan con palabras a esperanza colorida dun pobo que se abanea entre azuis mares e azuis ceos. E da cor desa fotografía inmensa emana unha novela brillante, unha fantasía de cores que rebolen entre realidades de persoas que foxen sen escapar e que regresan sen volver, como ríos e afluentes que non saben onde desembocar a ira que as inunda e que deixa a súa pegada en todos os camiños que transitan. E ese pouso son regatos, son historias dentro da vida e son *O azul entre o ceo e o mar*.

Entre o ceo e o mar, nunha faixa de terra regada de amor e odio, de sangue e morte, de perdas e pertenzas, de supervivencia e sexo e violación e condenas e repulsas agroman vidas. E coa semente da paciencia inzan familias, que son amizades e son, amais, palabras. E todo isto é esta novela: unha exposición dos detalles dunha árbore xenealóxica, a dos Baraka, que se apousenta nos caravansares de rutas milenarias con milleiros de pousos cos

que espaxer historias que o tempo ás veces destinxiu e outras fixo refulxir. E con esas verdades e eses contos e esas lendas e eses dicires técese as vestimentas que cobren as realidades de Palestina e das súas xentes.

Máis alá do ceo e do mar, no mundo que non é tal e onde o lume e o vento crearon os *dijnni*, está tamén Palestina. E nela conviven trasnadas invisibles coa máis cruel astucia; esa que é incapaz de deter un estoupido, mais valente abondo como para afundir no mar toda unha terra e volatilizala entre nubes de dinamita. E así a todo, do lume emana Palestina. E faino sen fume, como a erupción de emocións que Susan Abulhawa enguedella de xeito maxistral nun inglés engalanado de arabismos e que Rocío Viéitez Ferro é quen de peitear nun galego coitado e relucete.

A familia Baraka, protagonista da novela, permítenos gozar do debate silandeiro entre os azuis e imaxinar a pertenza ás raíces de onde temos enterrados os seres queridos. Axúdanos a profetizar e a explicar devanceiras historias e a voar como paxariños contadores que esquivan as balas que «non poden tocar a miña humanidade! Non poden tocar a miña alma. Non poden arrincar as miñas raíces do chan desta terra» que cobiza o cemento. Porque ler Palestina é ter señoardade de aromas con sabor a cor e desfrutar de cada imaxe debuxada ou fotografada por plumas como as de Susan Abulhawa e Rocío Viéitez Ferro.

Susan e Rocío son unha celebración para Palestina e para a literatura universal. Son *summud* e *amal*, dúas palabras que non poden traducirse sen entender o significado dos termos resistencia e esperanza para persoas que insisten en existir sen desespero. Por iso, festexar esta obra é aprender a pixelar vidas anónimas para debullar sentimentos a vista de dron humanizado. *Entre o ceo e*

o mar é, en definitiva, un álbum de palabras cargadas de imaxes, unha tatuaxe para o ollo lector e un sentimento palpable en menos dun movemento de páxina.

Moncho Iglesias Míguez*

* Moncho Iglesias Míguez traduciu obras palestinas como “*Esfumado*” de Ahmed Masoud e “*Un mapa do fogar*” de Randa Jarrar. Tamén ten ensaios e poemarios propios sobre Palestina. Foi profesor na Universidade de Belén e na de An-Najah de Nablus

Introdución

A finais dos 70 e dos 80, Israel axudou ao xurdimento do movemento islamista en Palestina, que se convertería no que se coñece como Hamas, coma contrapartida ao partido Al-Fatah de Yasser Arafat, un movemento de resistencia revolucionario secular a semellanza das guerrillas insurxentes de todo o mundo durante a época da Guerra Fría. Despois dos Acordos de Oslo do ano 1993, asinados entre Israel e a Organización para a Liberación de Palestina (OLP), iniciouse un interminable «Proceso de paz» e Hamas chegou a ser a institución principal da resistencia palestina ante a ocupación militar de Israel e a continua represión das aspiracións de autonomía dos habitantes orixenarios. Despois de dúas décadas de negociacións fracasadas que foron testemuña da grande expansión das colonias exclusivamente xudías en terras palestinas confiscadas e o afianzamento dun sistema de *apartheid* nos territorios ocupados, os palestinos iniciaron un levantamento e convocaron eleccións para elixir un novo dirixente. En 2006, os membros de Hamas obtiveron a maioría dos escanos na Asemblea Lexislativa da Autoridade Nacional Palestina no que deron en consi-

derar que foran unhas eleccións transparentes e xustas. Porén, Israel e os Estados Unidos non estaban contentos co resultado das eleccións e movéronse para socavar o novo liderado. Mentres Al Fatah seguía controlando Cixjordania, Hamas obtivo o control de Gaza. Ante a imposibilidade de botar a Hamas, Israel selou a diminuta franxa de terra do Mediterráneo, converténdoa no que se coñecería como o maior cárcere a ceo aberto do mundo. Documentos desclasificados, obtidos anos máis tarde, demostraron a precisión arrepianante coa que Israel calculou a inxestión de calorías de 1,8 millóns de palestinos en Gaza para que pasasen fame, pero non morresen de inanición.